



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste concello, aprobou os seguintes Padróns do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia:

Sesión do día 21/08/2020:

- Padrón correspondente ao mes de maio de 2020.

Sesión do 18/09/2020:

- Padrón correspondente ao mes de xuño de 2020.
- Padrón correspondente ao mes de xullo de 2020.

Ditos padróns expoñense ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que ditas publicacións servirán de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, 15 de outubro de 2020.- O Alcalde, José M^a López Rancaño.

R. 2543

O CORGO

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, NOMEAMENTO E CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA OS TRABALLOS DE RECOMPILACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO

O Sr. Alcalde, o día 15 de outubro, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO DE PERSOAL PARA OS TRABALLOS DE RECOMPILACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO.

LISTA DEFINITVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

Admitidos:

NOME E APELIDOS	DNI	EXERCICIO DE GALEGO
BRAIS CELA ÁLVAREZ	***4432**	TEN QUE REALIZAR
MARÍA DE LA O LÓPEZ ABELEDO	***9804**	EXENTO
BEGOÑA GONZÁLEZ AGUIAR	***7042**	EXENTO
ANGELA MUÑOZ ÁLVAREZ	***8004**	EXENTO
SERGIO PEREIRA IBÁÑEZ	***6948**	EXENTO
VÍCTOR PÉREZ LÓPEZ	***4294**	EXENTO

DANIEL MANUEL VÁZQUEZ VILA	***2075**	EXENTO
IRENE BOUZAS MARTUL	***6072**	EXENTO
XOSÉ LOIS LADRA FERNÁNDEZ	***9348**	EXENTO
MARINA GÓMEZ MENDIA	***9776**	EXENTO
DAVID MIGUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ	***4916**	EXENTO
MARINA PÉREZ TORO	***6022**	EXENTO
SALUSTIANO FERREIRAS MUINELO	***4468**	EXENTO
MIRIAM PARAJES VARELA	***5946**	EXENTO
NARCISO OUBIÑA MARTÍNEZ	***6609**	EXENTO
ANTONIO VIDUEIRO RODRÍGUEZ	***7614**	EXENTO
GEMA SANJURJO RODRÍGUEZ	***6193**	EXENTO

Excluídos:

NON HAI

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca.

Por outra banda, na devandita Resolución, o Sr. Alcalde nomeou ao tribunal cualificador, que estará composto polos membros que se relacionan de seguido, e ordeou a súa constitución o día 20 de outubro ás 11:15 horas na Casa do Concello do Corgo.

MEMBROS DO TRIBUNAL:

Presidente: María Montes López, profesora da USC.

Secretario: Marco A. García-Gabilán Sangil, Secretario do Concello do Corgo.

Vogal: Antonio Reigosa Carreira, Funcionario da Deputación de Lugo, responsable de comunicación da Rede Museística.

Vogal: Ramiro Cuba Rodríguez, Funcionario da Deputación de Lugo, Xefe do Servizo de publicacións e normalización lingüística.

Vogal: Xosé Manuel Castro Castedo, profesor de Lingua e Literatura Galega.

Suplentes:

Ana J. Fernández Reija, Administrativo Xefe de Sección do Concello do Corgo

Unha vez constituído o día 20 de outubro de 2020, o tribunal acordou fixar como data de realización da primeira proba o seguinte:

DATA, LUGAR E HORA DA PRIMEIRA PROBA:

Data: Día 20 de novembro de 2020

Lugar: Centro Sociocultural do Corgo

Hora: 11:30 horas

O Corgo, 20 de outubro de 2020.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2544

LOURENZÁ

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 16/10/20 o Padrón da Taxa de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos correspondente ao terceiro trimestre de 2020, expónse ao público na Secretaría do Concello por prazo

de quince días a efectos de exame e reclamacións, quedando elevada a definitiva dita aprobación no caso de que non se presentaran reclamacións.

Lourenzá, 16 de outubro do 2020.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 2545

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 4º BIMESTRE DO EXERCICIO 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 14.10.2020 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do cuarto bimestre do exercicio 2020 (xullo-agosto).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 26.10.2020 ata o 28.12.2020.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 16 de outubro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2546

MONTERROSO

Anuncio

Información pública

“Decreto.- Monterroso, 28 de setembro de 2020

Vistos os artº 112.3.127.1 y 134 del Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, normas regulamentarias que atribúen á Alcaldía as competencias para fixar o día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas permanentes, Comisións informativas especiais e Comisión Especial de Contas.

Polo presente RESOLVO:

As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebraranse cada quince días, os luns ás vinte horas, agás que sexa festivo, neste caso, celebraranse a mesma hora, o día hábil posterior.

Déaselle conta ó Pleno do Concello.”

Monterroso, 20 de outubro de 2020.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2547

Anuncio

Información pública

DECRETO DE ALCADÍA

Logo de ler o artigo 21.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local polo que, o alcalde, coas salvedades previstas no mesmo, pode delegar o exercicio das súas competencias.

Visto o artº 43.1 del Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo que tales delegacións poden efectuarse a favor da Xunta de Goberno Local como Órgano colexiado.

Visto o artigo 44 da citada norma.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

- 1.- As contratacións de mais de 40000 € nos contratos de obras e de 15000 € no resto de contratos,
- 2.-A concesión de licenzas de obra dentro do casco urbano (núcleo urbano de Monterroso), incluíndo as legalizacións,
- 4.-A concesión das licenzas de segregación,
- 5.-Expedientes de ruína,
- 6.-Expedientes de reposición da legalidade,
- 7.- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- 8.- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía,
- 9.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento, a RPT e o cadro de persoal aprobados polo Pleno,
- 10.-Aprobar as bases de selección do persoal,
- 11.- Acordos relativos a concesión de subvencións (nominativas) dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados, agás no suposto de subvención concedidas ás Comisións Organizadoras das festas patronais das parroquias, que se concederán pola alcaldía no mesmo acto de autorización das mesmas,
- 12.-Sancionar as faltas por infracción das Ordenanzas municipais e aquelas outras que lle veñan atribuídas pola lexislación autonómica ou estatal vixente,
- 13.-Expedientes de responsabilidade patrimonial cando o seu importe supere os 15000 €,
- 14.- A solicitude de subvencións doutras administracións ou organismos públicos,
- 15.-A aprobación dos programas de actividades culturais, deportivas, asistenciais e similares,
- 16.-Adxudicación de concesións sobre bens municipais, a adquisición de bens, inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e a enaxenación do patrimonio cando o seu valor exceda de 15000 €,
- 17.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, non exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento e este prevista no Orzamento,
- 18.-Aprobación da liquidación do orzamento municipal,
- 19.- Expedientes de incorporación de remanente,
- 20.-Aprobación de convenios que comprometan ao Concello no marco da súa disposición de gasto,
- 21.-Aprobación das facturas que correspondan,
- 22.- Aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos.
- 23.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local,
- 24.- Acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos, devolucións de ingresos indebidos, duplicados etc.,

Segundo.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo e déase conta ó Concello Pleno.

Monterroso, 06 de outubro de 2020.- A alcaldesa, Rocío Seijas Vázquez.

R. 2548

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE SETEMBRO 2020

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 16 de outubro de 2020 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de setembro 2020, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de setembro : 3834,15€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de novembro de 2020 e o 01 de febreiro de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro 20 de outubro de 2020.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2549

VILALBA

Anuncio

Segundo o decreto número 419 dictado pola alcaldía o día 22/10/2020 (Decreto número 427 o día 23/10/2020 de corrección de erros), anúnciase a convocatoria da campaña de fomento do consumo local, mediante a emisión de bonos para consumo do Concello de Vilalba, e as bases reguladoras para a dita convocatoria pública, que se insertan de seguido:

BASES REGULADORAS DA CAMPAÑA DE FOMENTO DO CONSUMO LOCAL MEDIANTE A EMISIÓN DE BONOS PARA CONSUMO DO CONCELLO DE VILALBA

A crise sanitaria mundial orixinada polo COVID-19 deu lugar á súa definición como pandemia pola Organización Mundial da Saúde e conlevou a adopción de medidas para combater a enfermidade, así como paliar os efectos da mesma a nivel social e económico.

Neste contexto, tratándose dunha situación excepcional, procede a adopción por parte dos gobernos de medidas dirixidas a paliar os efectos para as familias e o sector económico local.

Entre elas atópase a creación de bonos ao consumo, cuxa finalidade consiste en impulsar o desenvolvemento dunha política municipal de dinamización económica que fomente o desenvolvemento económico e social da nosa localidade nunha dobre liña, polo lado do comercio e polo do consumidor.

1. - Obxecto e finalidade.

As presentes bases reguladoras teñen por obxecto apoiar ao tecido empresarial da localidade a través do fomento do consumo local, mediante a creación dun "bono ao consumo" que permita aos beneficiarios realizar compras directas nos establecementos adheridos, que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.

Esta liña de actuación está destinada a todas as persoas físicas, residentes en Vilalba, inscritos no padrón de habitantes, e nela participarán as empresas adheridas que serán as encargadas de trocar os bonos ao consumo. Terán a consideración de "empresa adherida" as que cumpran os requisitos que se establecen nas presentes bases.

O goce desta axuda é compatible con outras axudas que o Concello de Vilalba puidese ter recoñecidas destinadas aos beneficiarios das mesmas.

2. -Obxectivos.

Coa emisión e concesión dos bonos ao consumo preténdense lograr os seguintes obxectivos:

- Fomentar o consumo no comercio local.
- Apoiar ao tecido empresarial afectado pola pandemia COVID-19.
- Concienciar á poboación da necesidade de colaborar coas empresas locais.

3. - Normativa aplicable.

A concesión das axudas rexeráse polo disposto nas presentes bases e, no non previsto nas mesmas, serán de aplicación na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nas bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020.

4. - Persoas beneficiarias e empresas adheridas.

4.1. Terán a consideración de beneficiarias dos bonos as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscrita no Padrón de Habitantes do Concello de Vilalba na data de publicación das presentes bases no Bop Lugo.

b) Non se recoñecerá como beneficiario dos bonos se se detecta falsidade, omisión ou ocultación na información facilitada.

- En caso de menores ou persoas incapacitadas será a nai, o pai, titor ou representante legal o que realice a solicitude no seu nome.

- Non poderán adquirir a condición de beneficiario os memebros da corporación municipal.

4.2. Terá a consideración de empresa adherida as persoas físicas ou xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica que cumpran os requisitos expostos a continuación e que se adhiran á campaña de acordo ao prazo e forma establecidos nas presentes bases.

Os requisitos establecidos para considerarse empresa adherida son os seguintes:

a) As empresas deberán ter a consideración de microempresas, PEME, autónomos/ as ou empresarios/ as individuais, comunidades de bens ou sociedades civís. Para o efecto de consideración de PEME ou microempresa, terán esta consideración aquelas empresas que ocupen a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocio anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non exceda os 43 millóns de euros.

b) Desenvolver algunha actividade comercial ou profesional en Vilalba

c) Ter establecemento comercial aberto en Vilalba ou domicilio fiscal en Vilalba no caso de desenvolvemento dunha actividade profesional.

d) Acharse ao corrente nas obrigacións tributarias estatais e autonómicas, así como na Seguridade Social e co Concello de Vilalba

5. - Contía das axudas e compras excluídas

A cada beneficiario expediráselle un bono, equivalentes a 30 € cada un, que poderá trocar nas empresas adheridas por unha soa vez.

En ningún caso poderán trocarse os bonos pola compra de tabaco, bebidas alcohólicas e xogos de apostas.

6. - Solicitudes e documentación.

6.1. - Solicitude dos beneficiarios

Para dispoñer dos bonos, o cidadán terá que cumprimentar o formulario que estará dispoñible na páxina web municipal ou fisicamente na Casa do Concello, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 h.

Para formalizar a solicitude será imprescindible indicar o DNI, o lugar de residencia, así como autorizar ao Concello de Vilalba para comprobar, de oficio, a veracidade dos datos achegados. No caso de realizar a solicitude presencial, será necesario acudir co DNI; e no caso de que se actúe en representación cunha autorización do representado e copia do seu DNI.

Unha vez realizada a solicitude dos bonos, o Concello será a encargado de validar os datos achegados polo cidadán para xerar os códigos QR e envialos a través do correo electrónico ou entregalos fisicamente aos cidadáns que acudan a recollelos á Casa do Concello.

6.2. - Solicitude das empresas adheridas

Para ter a consideración de empresa adherida á campaña, a empresa terá que cumprimentar o formulario que estará dispoñible na páxina web municipal debendo adxuntar a seguinte documentación:

- Certificado de datos bancarios.
- Alta no réxime de autónomos(módulo 036 ou 037) e DNI ou CIF da empresa.
- Certificado de datos censais.
- Declaración responsable debidamente asinada que figura como Anexo I das presentes bases.
- Descrición do obxecto social da empresa.
- Data de constitución da empresa ou de alta no IAE.
- No caso de empresa acreditación da representación.

7. - Prazos de presentación.

7.1. Consumidores

As persoas beneficiarias poderán solicitar os bonos dende o 2 de novembro e ata o 30 de novembro de 2020, mediante os medios anteriormente indicados.

O prazo para trocar os bonos nas empresas adheridas abarcará desde o prazo de inicio de solicitude e estenderase ata o 8 de decembro de 2020.

As solicitudes de participación, unha vez comprobado que o beneficiario cumpre os requisitos esixidos nas presentes bases, aprobaranse diariamente por resolución de alcaldía procedéndose á xeneración dos códigos QR personalizados e ao seu envío ou entrega en persoa aos beneficiarios.

7.2. Empresas adheridas

Para participar nesta acción, as empresas terán que presentar a solicitude, a través dos medios indicados no artigo 6.2. das presentes bases, durante dos períodos:

- 1º período: dende a data de publicación do extracto das presentes bases no BOP Lugo ata o 30 de outubro.
- 2º período: dende o 31 de outubro ata o 10 de novembro de 2020.

Unha vez finalizado cada un dos períodos e comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos nas presentes bases, aprobarase por resolución de alcaldía a participación das empresas procedéndose a través da páxina web a validar o seu perfil.

8. -Funcionamento.

Unha vez que os beneficiarios reciban a aceptación da súa solicitude e estén en posesión do seu Código QR personalizado por valor de 30 euros poderán utilizalo como medio de pagamento en calquera dos establecemento adheridos á campaña, que poderán consultar na páxina web municipal.

No momento en que o beneficiario efectúe a compra entregará deberá entregar á empresa o bono QR impreso ou mostralo dixitalmente e a empresa procederá á súa lectura e validación.

A empresa adherida será a encargada de verificar que os bonos se corresponden coa persoa que o presenta solicitando o DNI. Si todo está correcto, a empresa aceptará o bono como medio de pagamento e expedirá a factura dos artigos adquiridos a nome do beneficiario recabando a sinatura do beneficiario e o seu nome aos efectos de que o Concello poda efectuar as comprobacións oportunas.

As empresas adheridas á campaña poderán achegar ao Rexistro xeral do Concello o Anexo II ao que acompañarán da seguinte documentación:

- Copia da factura expedida a nome de cada un dos beneficiarios dos bonos debidamente selada pola empresa e asinada polo beneficiario e na que figuren os produtos adquiridos e o importe dos mesmos.

Esta documentación poderase achegar nos seguintes períodos:

1º Ata o 15 de novembro do 2020

2º Dende o 16 ata o 30 de novembro do 2020

3º Dende o 1 o 9 de decembro do 2020

A administración, tras a comprobación da documentación achegada pola empresa adherida, aprobará mediante resolución de alcaldía o libramento dos fondos a cada unha das empresas polo importe ao que ascendan as compras realizadas en cada un dos establecementos e abonadas con cargo aos bonos.

9. - Devolucións dos bonos.

A política de devolución dos produtos adquiridos mediante os bonos non admitirá o reintegro da cantidade desembolsada.

10. - Crédito Orzamentario.

Terá un límite de 424.050 tendo en conta o número de empedrados no momento de aprobación das presentes que ascende a 14.152 persoas minorado polo número de membros da corporación.

11. - Publicidade.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

Todas as axudas concedidas serán obxecto de publicidade nos termos establecidos no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

12.- Reintegro

Cando se produza a anulación, revogación ou revisión dunha axuda previamente concedida e paga, o perceptor estará obrigado a reintegrala, debendo ingresar ademais os intereses de demora, calculados segundo o interese legal, incrementado na porcentaxe que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado estableza en cada caso, devindicados desde o momento do pago ata a data do acordo de reintegro.

Estes ingresos terán o carácter de ingresos de dereito público.

13.- Tratamento contable

Os bonos de consumo co Código QR terán a consideración de medio de pagamento nos establecementos adheridos, contabilizándose o recoñecemento da obriga con cargo a un terceiro xenérico que se dará de alta na contabilidade municipal coa denominación de "bonos de consumo", ordeándose o pagamento a nome do establecemento adherido no que se utilizaron como medio de pagamento.

ANEXO I

D/Dona _____, con N.I.F./CIF nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____ en representación da Entidade _____; no seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incorrer por falsidade

DECLARO RESPONSABLEMENTE O SEGUINTE:

1.- Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Comunicade Autónoma de Galicia, co Concello de Vilalba e coa Seguridade Social.

2.- Que a entidade que represento se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Vilalba poida acordar para comprobar que as actuacións realizadas ao abeiro do programa de bonos de consumo, se corresponden cos fins que figuran nas bases reguladoras do programa.

3.- Que todos os datos introducidos na páxina web do Concello para participar no Programa de bonos de consumo son certos.

Vilalba, ____ de _____ de ____

Asdo: _____ en representación de _____

ANEXO II

D/Dona _____, con N.I.F./CIF nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____ en representación da Entidade _____; no seu propio nome e dereito, con coñecemento dos delitos nos que puidera incurrir por falsidade

SOLICITO

O abono do importe ao que ascenden os bonos de consumo empregados no meu establecemento como medio de pagamento polos beneficiarios do Programa, para o que achego xunto ao presente escrito a seguinte documentación:

- Listaxe indicando o nome de cada un dos beneficiarios do bono de consumo que os empregaron para facer compra no meu establecemento indicando o importe do bono utilizado.

- Copia das facturas expedida a nome de cada un dos beneficiarios dos bonos debidamente selada pola empresa e asinada polo beneficiario e na que figuren os produtos adquiridos e o importe dos mesmos.

Así mesmo

DECLARO RESPONSABLEMENTE O SEGUINTE:

1.- Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Comunicade Autónoma de Galicia, co Concello de Vilalba e coa Seguridade Social.

2.- Que a entidade que represento se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Vilalba poida acordar para comprobar que as actuacións realizadas ao abeiro do programa de bonos de consumo, se corresponden cos fins que figuran nas bases reguladoras do programa.

3.- Que todos os datos introducidos na páxina web do Concello para participar no Programa de bonos de consumo son certos.

Vilalba, ____ de _____ de ____

Asdo: _____ en representación de _____

Vilalba, 23 de outubro do 2020.- A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 2579

XERMADE

Anuncio

Asunto: establecemento prezos públicos

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/10/2020 aprobouse o establecemento dos prezos públicos para as actividades culturais do curso 2020-2021, co seguinte detalle:

Actividade	Prezo público anual
Manualidades	42,00€
Costura	42,00€
Xabóns e cremas	15,00€

Xermade, 16 de outubro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2550

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **9 de outubro de 2020**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

SAMOS: titular: DON JOSÉ ANTONIO LÓPEZ LÓPEZ. DNI 34265299Z.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 13 de outubro de 2020.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2551

Anuncio

A Comisión da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa xuntanza do día **9 de outubro de 2020**, acordou nomear, por un periodo de catro anos, o xuíz de paz titular e/ou substituto dos concellos desta Comunidade Autónoma que máis abaixo se indican e para as localidades que igualmente se relacionan, este/s foi/foiron elixido/s polo Pleno do/s dito/s Concello/s con obtención do voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

PORTOMARÍN: titular: DON ÁNGEL SINDÍN FERNÁNDEZ. DNI 33781444X.

Substituto: DON MANUEL ENRÍQUEZ VILLAMOR. DNI 33857678E.

Contra este acordo poderán os interesados presentar recurso de Alzada perante o Consello Xeral do Poder Judicial no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto.

Os nomeados deberán tomar posesión, no xulgado de paz para o que se nomean e ante a persoa que estiver exercendo a xurisdición, no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do seu nomeamento no Boletín Oficial da Provincia respectiva, despois de xuramento ou promesa ante o xuíz de primeira instancia e instrución respectivo na forma que establece o artigo 101.5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Aqueles xuíces de paz nomeados que estean incursos nalgunha incompatibilidade deberán optar dentro do prazo de oito días pola praza que lles interese.

A Coruña, 13 de outubro de 2020.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 2552

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA.

EXPEDIENTE: V/27/01285, A/27/31807

PETICIONARIO: Daniel Darriba Portela

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Guntín

LOCALIDAD: Guntín, Bazar (San Pedro)

TÉR.M. MUNICIPAL: Castro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Miño/Miño

Las obras cuya autorización se solicita consistirán en la instalación de una fosa séptica, en la margen izquierda de un arroyo innominado, situada en la parcela 20 del polígono 1 en Bazar, Castro de Rei (Lugo).

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Guntín" - "Daniel Darriba Portela", con un volumen máximo anual de 273,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 9 de outubro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2553

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA

EXPEDIENTES: V/27/00061-1, A/27/34015

PETICIONARIO: Ayuntamiento de Castro de Rei

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Núcleo: Castro de Ribeiras de Lea

LOCALIDAD: Castro de Ribeiras de Lea, Ribeiras de Lea (San Xoán)

TÉR.M. MUNICIPAL: Castro de Rei

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Lea/Lea

Las obras cuya autorización se solicita consistirán en la ampliación y mejora de la EDAR de Castro de Ribeiras de Lea, en la margen derecha del río Lea, en las parcelas 117 y 120 del polígono 250 en el T.M. de Castro de Rei (Lugo).

El Concello de Castro de Rei solicita la modificación de la autorización de vertido vigente, ampliando y mejorando las instalaciones de depuración y ampliando el volumen a verter a los 268.056,00 m³/año.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Pretratamiento.
- Tanque de decantación primaria.
- Dos contactores biológicos rotativos.
- Dos decantadores secundarios.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 20 de outubro de 2020.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2554

NOTARÍA

Anuncio

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,

HAGO CONSTAR

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de las herencias de los causantes **DON FERMIN LOPEZ RODRIGUEZ y DOÑA MANUELA MOREIRA DIAZ.**

Que entre los herederos del citado causante se encuentran los siguientes o sus herederos:

DOÑA FRANCISCA LOPEZ MOREIRA.

Que se le comunica a dichos interesados o a cualquiera que tenga interés en dichas herencias lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, seis de Octubre de dos mil veinte.

R. 2555